



# FCT con Erasmus+ Curso 2016-17

## ALUMNADO QUE PODE PARTICIPAR:

Alumnos/as de ciclos superiores e de ciclos medios que estean matriculados no centro na actualidade e superen o proceso de selección.

<b>Curso</b>	
1º CSAF	FCT
2º CSAF	Post-Titulados FCT
1º CM (todas especialidades)	FCT
2º CM (todas especialidades)	Post-Titulados FCT
1º FP BÁSICA	FCT (5 semanas)
2º FP BÁSICA	FCT (5 semanas)

## BOLSAS ERASMUS QUE SE PODEN SOLICITAR:

- Bolsas ERASMUS+ para realizar a FCT no estranxeiro.
- Bolsas ERASMUS+ para prácticas no estranxeiro de titulados.
  - O proceso de selección debe realizarse o último curso dos estudos.
  - Duración: a FCT pode durar ata 12 meses pero só se recibe bolsa os 3 primeiros.
  - O período de prácticas debe completarse nos 12 meses posteriores á obtención do título.
  - De ter participado con anterioridade no programa Erasmus+ ou no PAP (Erasmus, Leonardo, etc.) habería que descontar ese tempo das prácticas.
- Aqueles candidatos que, tendo superada a 1ª fase do proceso de selección, non consigan bolsa, poderán facer igualmente prácticas no estranxeiro, pero sen recibir axuda económica (bolsa 0).



- Bolsas da Consellería de Educación e do MECD (Ciclo Superior), nas condicións que se establezan nas respectivas convocatorias anuais.

**REQUISITOS PARA PARTICIPAR NO PROGRAMA:**

- O estudante deberá estar matriculado nun ciclo formativo no IES Antón Losada
- O estudante deberá presentar a solicitude de participación no programa ERASMUS+ nos prazos establecidos.
- O estudante non poderá ter participado con anterioridade no programa Erasmus+ ou no PAP (Erasmus, Leonardo, etc.).\*

\*No caso de ter recibido unha bolsa ERASMUS ou LEONARDO con anterioridade, descontaríase o tempo dos 12 meses totais que se poden ter. Cómpre ter en conta que, dos 12 meses máximos das mobilidades Erasmus+, recíbese bolsa un máximo de 5 meses para mobilidades formativas e de 3 meses para prácticas.



### **CRITERIOS DE EXCLUSIÓN:**

Antes da publicación da lista de seleccionados:

- Os alumnos con calquera tipo de medida correctora de conduta (expulsión temporal do centro, apertura de expediente disciplinario, etc.)
- Os alumnos que non presenten os documentos requiridos (formulario de solicitude, CV, etc.) nos prazos estipulados ou que non asistan a probas ou á entrevista.

Despois da publicación da lista de seleccionados:

- Os alumnos que non superen todos os módulos do Ciclo Formativo que estean cursando (agás a FCT no caso de ir facela no estranxeiro).
- Os alumnos que por motivos de forza maior renuncien a ser incluídos no proceso de selección. Esta renuncia deberá estar documentada.

### **PROCESO DE SELECCIÓN:**

#### **1ª FASE: LINGUA EXTRANXEIRA. (35%)**

Terase en conta a competencia lingüística no idioma do país de destino e /ou inglés, segundo os casos. Valoraranse as probas de nivel e os cursos que acrediten o nivel de idiomas.

#### **2ª FASE: ENTREVISTA PERSOAL. (40%)**

A entrevista persoal co alumno solicitante, será levada a cabo por un equipo de selección formado por: a coordinadora de programas europeos, un membro do equipo directivo, orientador, os titores dos ciclos e profesores de linguas dos distintos ciclos formativos. A composición deste equipo poderá variar dunhas entrevistas a outras en función da dispoñibilidade horaria do profesorado.

Previamente á entrevista, o candidato terá presentado a ficha de recollida de datos, o seu currículo e carta de motivación en español e na(s) lingua(s) na(s) que está interesado en facer as prácticas, no prazo establecido, que se comunicará con suficiente antelación.

Durante a entrevista valoraranse os seguintes aspectos:

- O expediente académico do alumno/a
- Motivación, madurez e autonomía persoal.
- A flexibilidade e adaptabilidade do alumno/a
- A información aportada polo titor e o equipo docente do alumno/a

**3ª FASE: EXPEDIENTE ACADÉMICO. (25%)**

Farase unha media ponderada segundo a carga horaria de cada módulo.

**IMPORTE DAS BOLSAS CICLOS SUPERIORES**

<b>País de destino</b>	<b>Bolsa mensual (ata 3 meses máx.)</b>
Dinamarca, Irlanda, Francia, Italia, Austria, Finlandia, Suecia, Reino Unido, Noruega, Liechtenstein.	400 €
Bélxica, República Checa, Alemaña, Grecia, Croacia, Chipre, Luxemburgo, Holanda, Portugal, Eslovenia, Islandia, Turquía.	350€
Bulgaria, Estonia, Letonia, Lituania, Hungría, Malta, Polonia, Romanía, Eslovaquia, Macedonia.	300€

Existe financiamento extra para estudantes con necesidades especiais.

**DURACIÓN DA MOBILIDADE**

Entre 2 y 12 meses. Con bolsa só un máximo de 3 meses.

**IMPORTE DAS BOLSAS CICLOS MEDIOS 2016-17**

A dotación depende do destino e da duración da estancia

Destino	Subvención para viaxe	Diets para comida e aloxamento	
		FCT (11 semanas)	Prácticas titulados (6 meses)
Alemaña	275 €	FCT (11 semanas)	Prácticas titulados (6 meses)
		2.321 €	4.484 €
Italia	275 €	FCT (11 semanas)	Prácticas titulados (6 meses)
		2.553 €	4.922 €
Finlandia	360 €	FCT (11 semanas)	Prácticas titulados (6 meses)
		2.692 €	5.164 €
Francia	275 €	FCT (11 semanas)	Prácticas titulados (6 meses)
		2.785 €	5.360 €
Portugal	275 €	FCT (11 semanas)	Prácticas titulados (6 meses)
		2.228 €	4.288 €
Polonia	360 €	FCT (11 semanas)	Prácticas titulados (6 meses)
		2.460 €	---
Malta	360€	FCT (11 semanas)	Prácticas titulados (6 meses)
		2.321 €	4.484 €
Irlanda	275 €	FCT (11 semanas)	Prácticas titulados (6 meses)
		2.785 €	5.360 €
Reino Unido	275 €	FCT (11 semanas)	Prácticas titulados (6 meses)
		3.110 €	5.994 €
Grecia	360 €	FCT (11 semanas)	Prácticas titulados (6 meses)
		2.460 €	-----

**IMPORTE DAS BOLSAS FP BÁSICA 2016-17**

A dotación depende do destino e da duración da estancia

Destino	Subvención para viaxe	Dietas para comida e aloxamento
Alemaña	275 €	FCT (5 semanas)
		1.255 €
Italia	275 €	FCT (5 semanas)
		1.380 €
Portugal	275 €	FCT (5 semanas)
		1.204 €

**FORMACIÓN LINGÜÍSTICA**

Os alumnos que realicen prácticas no estranxeiro dentro do programa ERASMUS+ disporán de formación lingüística on-line nas seguintes linguas: francés, inglés, alemán, italiano e holandés.

Os estudantes deberán realizar como mínimo unha avaliación inicial e outra final da súa competencia lingüística na lingua na que vai realizar as prácticas. Os resultados destas avaliacións non serán tidos en conta para a adxudicación das bolsas.

O centro proporcionará formación lingüística se dispón de recursos a tal efecto. O alumnado non poderá negarse a recibir esa formación.